

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA

15011 *Real decreto 595/2019, do 18 de outubro, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto 1776/2004, do 30 de xullo.*

Este real decreto modifica o Regulamento do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto 1776/2004, do 30 de xullo, en materia de acreditación da residencia por fondos de pensións e institucións de investimento colectivo para efectos da aplicación de determinadas exencións.

A letra c) do artigo 14.1 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo, establece a exención dos xuros e doutros rendementos obtidos pola cesión a terceiros de capitais propios, así como das ganancias patrimoniais derivadas de bens mobles, con certas excepcións, sempre que tales rendas sexan obtidas sen mediación de establecemento permanente por residentes noutro Estado membro da Unión Europea ou por establecementos permanentes dos ditos residentes situados noutro Estado membro da Unión Europea.

No caso de rendas obtidas por fondos de pensións ou institucións de investimento colectivo residentes na Unión Europea, a aplicación efectiva desta exención pódese encontrar con obstáculos como consecuencia das dificultades para acreditar a residencia destas entidades ou dos seus membros, tendo en conta que non é infrecuente que tanto fondos de pensións como institucións de investimento colectivo carezan de personalidade xurídico-fiscal nas súas xurisdicións de orixe, o cal pode ocasionar que as autoridades fiscais das ditas xurisdicións non lles concedan certificados de residencia fiscal.

Coa finalidade de superar estes obstáculos, este real decreto engade unha nova disposición adicional terceira ao Regulamento do imposto sobre a renda de non residentes pola que se establece un réxime especial de acreditación da residencia para efectos da aplicación da exención prevista no mencionado artigo 14.1.c) do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes.

Este real decreto, de conformidade co preceptuado no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, elaborouse con adecuación aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Este real decreto dítase en exercicio da habilitación legal contida na disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, así como en exercicio da potestade regulamentaria xeral do Goberno conforme o establecido no artigo 97 da Constitución e no artigo 22 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de facenda xeral.

Este real decreto consta dun artigo único e dúas disposicións derradeiras.

O artigo único modifica o Regulamento do imposto sobre a renda de non residentes.

A disposición derradeira primeira regula o título competencial.

A disposición derradeira segunda fixa a entrada en vigor do real decreto.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Facenda, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de outubro de 2019,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento do imposto sobre a renda de non residentes.*

Engádesse unha disposición adicional terceira ao Regulamento do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto 1776/2004, do 30 de xullo, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional terceira. *Acreditación da residencia por fondos de pensións e institucións de investimento colectivo para efectos da aplicación de determinadas exencións.*

1. A acreditación da residencia para efectos da aplicación da exención prevista na letra c) do artigo 14.1 da Lei do imposto poderá realizarse conforme o establecido nesta disposición adicional cando as rendas sexan obtidas por algunha das seguintes entidades:

a) Fondos de pensións equivalentes aos regulados no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro, ou por establecementos permanentes dos ditos fondos de pensións.

Consideraranse fondos de pensións equivalentes aquelas institucións de previsión social que cumpran os requisitos establecidos na letra k) do punto 1 do artigo 14 da Lei do imposto.

En todo caso, consideraranse fondos de pensións equivalentes as institucións de previsión social reguladas pola Directiva 2016/2341 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de decembro de 2016, relativa ás actividades e á supervisión dos fondos de pensións de emprego.

b) Institucións de investimento colectivo reguladas pola Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios.

c) Institucións de investimento colectivo alternativas sometidas a un réxime de autorización, rexistro ou supervisión administrativa e xestionadas por xestoras de fondos de investimento alternativos reguladas pola Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, relativa aos xestores de fondos de investimento alternativos e pola que se modifican as directivas 2003/41/CE e 2009/65/CE e os regulamentos (CE) n.º 1060/2009 e (UE) n.º 1095/2010.

2. Cando as entidades mencionadas no punto 1 desta disposición adicional non teñan a consideración de entidades en réxime de atribución de rendas, a acreditación da residencia realizarase da seguinte forma:

a) Tratándose dun fondo de pensións distinto dos previstos no terceiro parágrafo da letra a) do punto 1 desta disposición adicional, mediante unha declaración formulada polo seu representante en que se manifieste o cumprimento dos requisitos legais, co contido e axustada ao modelo que establece a ministra de Facenda. Esta declaración terá un prazo de validez dun ano a partir da data da súa expedición.

Tratándose dun fondo de pensións dos previstos no terceiro parágrafo da letra a) do punto 1 desta disposición adicional, mediante un certificado emitido pola autoridade competente do Estado no cal a institución se encontre establecida, en que, xunto á súa natureza de fondo de pensións de emprego autorizado ou rexistrado ao abeiro da Directiva 2016/2341, conste a denominación completa da institución, o seu domicilio, o Estado en que está establecida e a data da súa autorización ou o seu número de rexistro administrativo. A autoridade competente será a encargada da autorización, do rexistro ou da supervisión da institución.

En todo caso, considerarase que os fondos de pensións a que se refire a letra a) do punto 1 desta disposición adicional non son entidades en réxime de atribución de rendas.

b) Tratándose dunha institución de investimento colectivo das previstas no punto 1.b) desta disposición adicional, mediante certificado emitido pola autoridade competente do Estado membro de orixe da institución, que terá o mesmo contido, salvo no referente ao motivo da súa emisión, que o modelo de certificado de OICVM previsto no anexo II do Regulamento UE n.º 584/2010 da Comisión, do 1 de xullo de 2010, polo que se establecen disposicións de aplicación da Directiva 2009/65/CE. A autoridade competente será a designada conforme o previsto no artigo 97 da citada directiva.

c) Tratándose dunha institución de investimento colectivo das previstas no punto 1.c) desta disposición adicional, a residencia acreditarase mediante algún dos medios seguintes:

1.º Certificado emitido pola autoridade competente do Estado no cal a institución se encontre establecida, en que conste a denominación completa da institución, o seu domicilio, o Estado en que está establecida, a súa forma xurídica e, se é o caso, a data da súa autorización ou o seu número de rexistro administrativo, así como o feito de estar xestionada por unha entidade xestora, ou autoxestionada, autorizada de acordo coa Directiva 2011/61/UE, e a denominación e o domicilio da dita entidade xestora. A autoridade competente será a encargada da autorización, do rexistro ou da supervisión da institución.

2.º Declaración formulada polos representantes da institución ou da súa entidade xestora en que conste, ademais da información a que se refire o número 1.º anterior, a denominación social e o domicilio da entidade depositaria, axustada ao modelo que establece a ministra de Facenda. Esta declaración terá un prazo de validez dun ano a partir da data da súa expedición.

Os certificados mencionados no presente punto terán validez indefinida salvo que se produza algunha modificación nos datos consignados; neste caso comunicarse a dita circunstancia á entidade encargada de aplicar a exención, a partir dese momento deixará de ter validez e será necesario un novo certificado.

3. Cando as entidades comprendidas nas letras b) e c) do punto 1 desta disposición adicional establecidas nos Estados a que se refire a exención prevista na letra c) do artigo 14.1 da Lei do imposto teñan a consideración de entidades en réxime de atribución de rendas, a dita exención aplicarase aos seus membros nos seguintes termos:

A entidade perceptora das rendas poderá determinar a residencia dos seus membros conforme o disposto nos anexos I e II da Directiva 2011/16/UE, do Consello, do 15 de febreiro de 2011, relativa á cooperación administrativa no ámbito da fiscalidade.

A exención aplicarase en función da porcentaxe de participación na entidade que corresponda aos seus membros con dereito á dita exención o 31 de decembro do ano anterior a aquel en que se obteñan as rendas.

A condición de tratarse dunha entidade en réxime de atribución de rendas, así como a porcentaxe de participación dos membros a que se refire o parágrafo anterior acreditarase mediante unha declaración realizada polo representante da institución ou da súa entidade xestora, co contido e de acordo co modelo que establece a ministra de Facenda.

As entidades comprendidas neste punto deberán acreditar a residencia na forma prevista nas letras b) ou c) do punto anterior, segundo proceda.

4. A forma de acreditación da residencia establecida nesta disposición adicional para as entidades e respecto das rendas exentas a que se refire o punto 1 desta disposición adicional será de aplicación para efectos de facer efectiva a exención por parte das persoas ou entidades obrigadas a reter ou, se é o caso, ante

a Administración tributaria, con independencia do disposto nas ordes ministeriais reguladoras dos procedementos aplicables, nos resumos anuais de retencións e nas declaracións informativas relativos ás ditas rendas.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto apróbase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de facenda xeral.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Oviedo o 18 de outubro de 2019.

FELIPE R.

A ministra de Facenda,
MARÍA JESÚS MONTERO CUADRADO